



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZ DE XUÑO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día dez de xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000000626 de don Manuel Jesús Campelo Sende.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 126 m² en planta, consistente en cambiar a tella existente (Expediente núm. 2014/U009/000031), situada en Francés núm. 8, en solo cualificado como solo rústico de protección agropecuaria (R-2) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000203500NH43F0001GI.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons e en cumprimento da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e catro euros con corenta e cinco céntimos (#94,45#).

2.2.- Instancia núm. 201400000000657 de dona Teresa Puente Fernández.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en pintado das fachadas, aproximadamente 220 m² de superficie (Expediente. núm.: 2014/U009/000032), situada en Cibrán nº 7, en solo cualificado como Solo Urbano Residencial de Baixa Densidade tipoloxía mixta (ordenanza U-1) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branco ou tons suaves acordes co entorno e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 201400000000660 de don Casimiro Fernández Romero.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar a tella da metade dianteira, nunha superficie aproximada de 42 m² (Expediente núm.: 2014/U009/000033), situada na Avda. M. M. Gómez Lorenzo nº 28, en solo cualificado como solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 2460108NH4326S0001TS.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será de un ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de



seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.-Instancia núm. 201400000000430 de don Santiago Iglesias Carbajales

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para obras de construción dun alboio de 128 m² para garaxe e garda de apeiros e utensilios de xardinería, e máis para a construción dun hórreo (expediente núm.: 2014/U008/000008), no lugar de A Ferreira nº 15, en solo cualificado no PXOM como “De expansión dos núcleos rurais”, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm.: planta B Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Brais Vázquez Rey cun orzamento de 15.860,38 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Primeiro.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- -Construírse de acordo co proxecto presentado.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Segundo.- Así mesmo e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ao efecto.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos dezasete euros con vinte e un céntimos (#317,21#).

3º.- Acordo sobre clasificación de ofertas presentadas para a adxudicación da obra de Construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales.

Con data cinco de maio do ano que andamos aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra de *Construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales*, financiada parcialmente pola Deputación Provincial a través de convenio núm. 2014/15, de acordo cos pregos-tipo de cláusulas administrativas que rexen a contratación das obras incluídas en plans e outras obras provinciais aprobados polo Pleno da Deputación con data 25/05/2012 (BOP núm. 103/12, do 1 de xuño), publicándose anuncio de licitación no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), presentándose as ofertas que constan no expediente.

Vista a proposta da Mesa de Contratación, de conformidade co establecido no artigo 151.1, 151.2 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro. Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1º.- MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L: 79,78 puntos
- 2º.- OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L: 74,86 puntos
- 3º.- HORDESCON, S.L: 70,10 puntos
- 4º.- COPCISA, S.L: 67,86 puntos
- 5º.- OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L: 65,99 puntos
- 6º.- CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L: 62,39 puntos
- 7º.- CYS HISPANIA, S.L: 59,79 puntos
- 8º.- SERGONSA SERVICIOS, S.L: 58,45 puntos
- 9º.- CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ, S.L: 47,04 puntos
- 10º.- HERMANOS COUTO FANDIÑO, S.L: 40,80 puntos
- 11º.- ANTONIO FRAMIÑAN CONSTRUCCIONES, S.L: 35,59 puntos
- 12º.- CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L: 0,00 puntos
- 13º.- DESMACO, S.L: 0,00 puntos

Segundo. Notificar e requirir a MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días contados dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obtela de forma directa; a acreditación de que dispón efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

4º.- Aprobación definitiva dos Padróns Fiscais de taxas do exercicio 2014

4.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2014*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 55, do 21/03/2014) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante o mencionado período, acordadas por resolucións da Alcaldía núm. 100, 101, 123, 128, 134, 154 e 186, ditadas nos meses de marzo, abril, maio e xuño.

Estudados os mesmos e visto o informe favorable de Secretaría-Intervención emitido para o efecto, a Xunta de Goberno acorda:



1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2014* -que comeza por Abel Souto, M^a Isabel e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 2.017 (dous mil dezasete).

Importe total do padrón: 154.218,57 € (cento cincuenta e catro mil douscentos dezaioito euros con cincuenta e sete céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.

4.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2014*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 55, do 21/03/2014) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante o mencionado período, acordadas por resolucións da Alcaldía núm. 101, 108, 123, 154 e 170, ditadas nos meses de abril e maio.

Estudados os mesmos e visto o informe favorable de Secretaría-Intervención emitido para o efecto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2014* -que comeza por Adrio Nazar, Belén e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes cifras definitivas:

Número total de recibos: 440 (catrocentos corenta).

Importe total do padrón: 15.318,00 € (quinze mil trescentos dezaioito euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Excma. Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

5º.- Aprobación, se procede, sobre devolución de avais

5.1.- Escrito núm. 201400000000523 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Ampliación da rede de abastecemento na parroquia de Santa Baia de Vedra e acometidas á Casa do Concello, Pavillón Polideportivo e CPI de Vedra (POS 2012)*, por importe de dous mil trescentos noventa e catro euros con sete céntimos (#2.394,07#).

Dáse conta así mesmo que durante a súa exposición ao público non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

6º.- Facturas varias



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta das seguintes facturas

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
FE14321142676 750	04/03/2014	762,92	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede do 24/12/13 ao 27/02/14 (IP 03B100356_0132)
4320140101539	20/05/2014	116,91	Espina & Delfin, SL	Abastecemento de auga ao Concello durante o 1T/2014 (contador Gándara marxe dereita N-525 Santiago-Vedra)
4320140101540	20/05/2014	27,94	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello durante o 1T/2014 (contador Gándara marxe esquerda N-525 Santiago-Vedra)
4320140101347	20/05/2014	1.311,90	Espina & Delfin, SL	Subministro de auga ao Concello durante o 1T/2014 (contador do Pico Sacro)
151//14	30/04/2014	85,95	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais e repostos para maquinaria brigada verde e camión recollida lixo 9047HPG subministrados en abril
40.690.603-B	12/03/2014	909,29	Seguros Catalana de Occidente, SA	Recibo do seguro anual do camión de recollida do lixo 4663CSP (do 11.03.14 ao 11.03.15) a repercutirle a Coregal
50696895	13/05/2014	353,81	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas das oficinas xerais e de servizos sociais mes maio
31102126	20/05/2014	8,24	Automoviles Louzao, S.A.U.	Protector para o espello do camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado en maio
A 5	26/05/2014	7.322,92	Construcciones M.Rendo SL	Execución da obra pavimentación lateral esquerdo e fondo sur do campo de fútbol de San Mamede
5/14	22/05/2014	108,90	Fernández García Patricia A. - Sisel Animación	Obradoiro de animación xuvenil impartido en Trobe o 18/05/2014
07-14	30/04/2014	607,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa do mes de abril (sen acollemento de cans durante o mes)
0014A003	01/04/2014	2.154,31	Euro Sono Film, S.L.	Desenvolvemento integral dunha App do Concello de Vedra en galego para móbiles (anticipo do 50%)
T 400.092	22/05/2014	242,00	Codigo Televisión, S.L. (Sociedad Unipersonal)	Publicidade do concello de Vedra na programación da televisión local <i>Correo TV</i> para promoción turística mes maio/2014. (3º pago)
P 403.006	22/05/2014	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes maio
121/14	21/05/2014	473,00	Viuda e Hijos de Bermudez, S.L. - Hostal Restaurante Alarico	Comida dos participantes na excursión da 3ª Idade ás termas de Outariz o 21/05/2014, sufragada coas achegas dos participantes
2014-34	21/05/2014	191,10	Ibernisha, S.L.	Entradas ao circuito termal correspondentes á excursión da 3ª Idade a Outariz o 21/05/2014, sufragadas coas achegas dos participantes
5626201468000 449	26/05/2014	2.263,84	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Produto para a obra de arranxo de pistas do plan provincial DTC/2014, subministrado en maio
493/14	28/05/2014	295,92	Gráfica de Asturias S.L.	Material de oficina subministrado en maio
14/2014	28/05/2014	695,93	Romero Silva Carmen Mª	Interposición de recurso de suplicación 844/2014 contra sentenza xudicial (TSXG) por despido de Fernando Faya Martínez
19	30/05/2014	13.733,50	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	Traballos de mellora do pavimento do campo de fútbol municipal de O Coto en Santa Cruz
VD 05/2014	30/05/2014	6.172,30	Ana Naya Garcia. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes maio
FE14321144886 185	08/04/2014	255,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á gardería municipal mes marzo (IP 03B200364_0132)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE14321144886 191	08/04/2014	1.103,76	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes marzo (03B000364_0132)
FE14321144886 190	08/04/2014	395,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa do concello mes marzo (IP 03AF00364_0132)
04/2014	08/04/2014	1.467,42	Gas Natural Servicios SDG S.A.	5 fras. por subministro a 5 iluminacións públicas en Dozar, Fufín, Sol e Ponte Ulla mes marzo (IP 0AE200366_0132)
FE14321144886 188	08/04/2014	1.104,48	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande mes marzo (IP 053B00365_0132)
FE14321144886 192-5305529	08/04/2014	641,31	Gas Natural Servicios SDG S.A.	2 fras. por subministro aos bombeos de Paradela (mes marzo) e Sol (meses febreiro e marzo) (IP 0ACE00366_0132)
1140311604859	02/04/2014	214,86	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra mes marzo (Cod. Agrup. CP22)
1140311649698	03/04/2014	44,23	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz mes marzo (Cod. Agrup. CP22)
1140311631602	02/04/2014	13,90	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro mes marzo (Cod. Agrup. CP888)
3 FRAS. MARZO/2014	30/04/2014	436,96	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a escolas en Viñogrande e Cibrán meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP 424)
FRAS. DE ABRIL/2014	02/04/2014	6.510,13	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	64 fras. de abril por subministro a iluminacións públicas (Cod. Agrup. CP2490)
98002580	30/05/2014	115,51	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes maio
1032	26/05/2014	363,00	Montaxes Eléctricos Fernández, S.L.	Servizo de grupo electrógeno en Trobe para a Festa do Porco á Brasa 2014
20	31/05/2014	2.178,00	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	Ampliación da pavimentación do perímetro do campo de fútbol municipal de O Coto de Santa Cruz
6	31/05/2014	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes maio
13	30/05/2014	490,05	Gómez Serrapio Mercedes	Traballos realizados en soporte dixital para o libro <i>Pazo de Santa Cruz-Patrimonio Verde de Galicia</i>
28	30/05/2014	1.369,61	Grupo Acofide, S.C.	Subministro de equipamento para a pista polideportiva do recinto da escola de San Fins
32	30/05/2014	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalacións e actividades do polideportivo municipal mes maio (prazo 8/48)
LIQUIDACION	30/05/2014	459,20	Santomil González José Ramón	Quilometraxe e axudas de custo por impartir obradoiro de canto na casa da 3ª Idade nos meses de abril e maio
FV-14/2	31/05/2014	225,32	García Cabal Guadalupe J.	Elaboración de agasallos para os participantes na XI mostra <i>Teatrofilia</i>
92967423	04/06/2014	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de arrendamento da fotocopiadora da planta baixa mes xuño
14-672	31/05/2014	365,99	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en maio
14-680	31/05/2014	1.729,67	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e repostos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en maio
14-682	31/05/2014	74,17	Puente Ulla S.L.	Gasolina para a maquinaria da brigada verde subministrada en maio
14-681	31/05/2014	11,90	Puente Ulla S.L.	Produtos para os tractores municipais subministrados en maio
5626201468000 471	30/05/2014	2.326,07	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa para a obra de arranxo de pistas do plan provincial DTC/2014, subministrada en maio
1CSN14050028 3831	15/05/2014	286,49	Cide Hcenergia, S.A.	Subministro á iluminación pública de Caldelas meses marzo e abril
14/5	31/05/2014	4.127,04	Freiría Suárez José María	Prestación dos servizos de limpeza no mes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				de maio
2014315	02/06/2014	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento do alumado público mes maio
485	31/05/2014	314,60	Asvetrans, S. Coop. Galega	Servizos prestados dende Probisa en Santiago ata Vedra durante o mes de maio
05/C13-14	06/06/2014	520,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal a clases de pintura meses de maio e xuño
19436	28/05/2014	165,00	Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.	Servizo de recollida urbana de aceites de cociña período de 24/03/14 a 24/05/14
280	30/05/2014	156,39	Iglesias Rodríguez Juan Carlos – Fontanería	Arranxos na escola de San Miguel e nas instalacións do campo de fútbol de Santa Cruz en abril e maio, respectivamente
3294	26/05/2014	26,99	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en maio
7757	20/05/2014	11,97	Vego Supermercados, SAU	Produtos para o servizo de madrugadores mercados en maio
982	04/06/2014	33,90	Vego Supermercados, SAU	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en xuño
14/00387	31/05/2014	1.238,85	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizos prestados no punto limpo durante o mes de maio
140190	04/06/2014	82,62	Imprenta Ayude-C. López	Impresión de folletos do programa de promoción turística <i>Goza do Ulla 2014</i>
		122,03	Membros da Mesa de Contratación do Concello de Vedra	Indemnización por reunión mantida o 06/05/2014 para apertura das propostas económicas presentadas para a realización da obra <i>Construción dunha senda peonil en San Fins de Sales</i> (Convenio coa Deputación 2014)
		243,50	Munín Castelao José I.	Quilometraxe dos meses de abril e maio e de xestións municipais realizadas en ambos meses
		63,75	Cerdeira Souto Gerardo	Quilometraxe por xestións do CPI de Vedra curso 2013/2014 e outras xestións municipais realizadas en abril e maio
		144,00	Sevio Barrio Lucía	Quilometraxe dos meses de abril e maio
		126,88	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes maio
		67,25	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes maio
		163,25	Orosa Carpinteiro Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes maio
		106,00	Iglesias Parada Carbia	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes maio
		90,50	Vilariño Rodríguez Mª Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes maio

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das seguintes Resolucións do mes de maio:

Nº Decreto	Data	Asunto
135	02/05/2014	Ampliación intensidade SAF a Marcelino Canicoba López
136	02/05/2014	Autorización celebración Festa do Escalo en Agronovo
137	02/05/2014	Alta padrón municipal de habitantes de familia Fernández Escolante
138	05/05/2014	Incoación expediente de multa coercitiva por incumprimento de Resolución ordenando



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		suspensión actividade en Chaos -San Mamede
139	05/05/2014	Aprobación cadro características obra de Construción Senda Peonil en San Fins de Sales
140	05/05/2014	Aprobación expediente contratación obra de Construción dunha Senda Peonil en San Fins de Sales mediante procedemento negociado
141	06/05/2014	Dando de baixa na gardería municipal a Lana Naya Pardo
142	06/05/2014	Delegando en Rogelio Lema a asistencia a reunión sobre axudas de promoción da igualdade en A Coruña
143	07/05/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Eugenia Dorina Cabau
144	08/05/2014	Alta no Rexistro Municipal de Asociacións da Asociación Tirolecos San Xulián
145	09/05/2014	Clasificación proposicións presentadas para a obra de Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca do POS 2014
146	12/05/2014	Declarando deserta a licitación da subministración dunha furgoneta con caixa aberta sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal
147	12/05/2014	Adxudicando obra de Acondicionamento de camiños en O Castro, Laraño, San Pedro de Sarandón, Cubelas e A Boca do POS 2014
148	13/05/2014	Incoando expediente limpeza de finca en Paradela propiedade de dona M ^a . Josefa López Sanín
149	13/05/2014	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes de Ulises e Adolfo Limia Rocha
150	13/05/2014	Ampliación horario escola infantil de Eneko Casais Ferreiro
151	13/05/2014	Autorización festa do porco á brasa en Trobe
152	13/05/2014	Licenza para posuidores de animais perigosos a Alejandro Silva Sevio
153	13/05/2014	Imposición multa a Manuel Cabo Silva e María de la Fuente Pedreira por incumprimento orde limpeza finca en Pousada de Abaixo
154	14/05/2014	Cambio titularidade recibos taxas de lixo e sumidoiros de vivenda situada en Famelga nº 7 propiedade de M ^a . Jesús Lobato Louzao
155	14/05/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Josefina Ramos Iglesias
156	16/05/2014	Baixa na gardería municipal de Telmo Canosa Barco
157	16/05/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Maria Christine Flaux e Lena Testa Flaux
158	16/05/2014	Ampliación intensidade SAF a Rita M ^a . Caldelas Pereiras
159	16/05/2014	Incorporación SAF (Dependencia) de Esther Carril Peillet
160	19/05/2014	Autorización festas parroquiais en San Pedro de Sarandón



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



161	19/05/2014	Permiso paso vías municipais da Ruta Cabalar do Río Pereiro
162	20/05/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Luís Lobato Louzao
163	20/05/2014	Cambio domicilio de José Manuel Garaboa Iglesias
164	20/05/2014	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes de Rocío Garaboa Iglesias
165	20/05/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Ionut-Victor Sarmas
166	21/05/2014	Autorización disparo fogos de artificio en Vilanova e San Fins con motivo das festas parroquiais
167	23/05/2014	Convocatoria da Mesa de Contratación para a apertura das proposicións presentadas para a adxudicación da obra de Construción Senda Peonil en San Fins de Sales
168	23/05/2014	Suspensión expediente imposición multa coercitiva a Esther Liste Valdés por non suspensión actividade hostaleira en Chaos-San Mamede
169	23/05/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Francisco J. Garaboa Castro
170	26/05/2014	Cambio titularidade padrón fiscal taxa de sumidoiros de vivenda nº 4 de Laraño -San Xián de Sales
171	26/05/2014	Alta SAF de Jesusa Fernández
172	26/05/2014	Adhesión ao convenio da Fegamp para Concellos de Interese Turístico
173	27/05/2014	Autorización festas das flores en Santa Cruz de Ribadulla
174	27/05/2014	Alta no padrón municipal de habitantes de Alba Ferradáns Rey
175	27/05/2014	Corte parcial de vía municipal para a festa das flores en Santa Cruz
176	28/05/2014	Cumprimento trienios persoal do concello
177	30/05/2014	Denuncia incumprimento Lei de incendios en Argunte
178	30/05/2014	Modificación tarifas usuarios SAF Libre concorrencia

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos

8.1.- Adxudicación xestión mantemento e socorrismo da piscina municipal 2014

Dáse conta da proposta presentada por Grupo Acofide, S.C, para a xestión da piscina municipal nesta tempada de verán (do 21 de xuño ao 5 de setembro), que inclúe os seguintes servizos: limpeza inicial da piscina e instalacións; mantemento da mesma (limpeza, produtos para o tratamento da auga e control dos parámetros esixidos, análíticas mensuais da auga, control de entradas, servizo de cafetería, ...etc) así como a



dotación do persoal (un socorrista técnico en primeiros auxilios con titulación suficiente; un recepcionista para control de acceso á piscina e atención de cafetería e un técnico en mantemento para controlar o adecuado funcionamento e arranxar na medida que lle competa á empresa problemas que puidesen xurdir no vaso, sala de máquinas ou resto de instalacións). Ademais oferta como melloras un monitor durante 2 días/semana ata un máximo de 3 horas/día para impartir cursos de natación.

O presuposto ofertado ascende á cantidade de sete mil novecentos dezasete euros (#7.917,00#) máis IVE (#1.662,57#) , a pagar en tres mensualidades de tres mil cento noventa e tres euros con dezanove céntimos (#3.193,19#).

A Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 111, 138.3 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2001, do 14 de novembro, acorda:

Primeiro.- Levar a cabo o servizo de xestión e socorrismo da piscina municipal durante a tempada de verán do 2014, mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Grupo Acofide, S.C, con CIF J70026604 e domicilio social en Nande, 22 -San Fins de Sales, por un importe de sete mil novecentos dezasete euros (#7.917,00#) máis mil seiscientos sesenta e dous euros con cincuenta e sete céntimos. (#1.662,57#) de IVE.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á prestación do citado servizo con cargo á partida 341-227 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adxudicatario no prazo de dez días.

8.2.- Solicitud de tarxeta para aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 201400000000726 no que dona Jessica Cobas Diaz expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 66% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar transportes colectivos, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.